



(Sinatura do Presidente)

Folle N.º

1

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o quince de marzo do ano dous mil dezanove, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión a deputada provincial dona Ana María Villarino Pardo, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2019.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e un de febreiro de dous mil dezanove, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A DEPORTISTAS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS CORRESPONDENTE Á TEMPORADA 2017-2018, EXERCICIO 2019.- Unha vez visto o expediente tramitado na Sección de Subvencións, vista a proposta formulada pola Comisión de Valoración da convocatoria de axudas a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente á temporada 2017-2018, exercicio 2019 (BOP n.º 244, do 23 de outubro de 2018), e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º) Desestimar a alegación presentada por Julio Fernando Rodríguez García-Valenciano polos motivos que de seguido se relacionan (recollidos na acta redactada para o efecto pola Comisión de Valoración e que está de manifesto na Sección de Subvencións).

En relación coa reclamación presentada por Julio Fernando Rodríguez García-Valenciano, da modalidade de Boxeo, na que interesa a revisión da puntuación adxudicada



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

dentro da convocatoria de "subvencións a deportistas ourensáns cualificados 2018", infórmolle que, unha vez revisado novamente o seu expediente, non procede reconsiderar a puntuación, polos motivos seguintes:

1º.- O reclamante realiza unha autosuma, segundo o seu criterio, na que establece unhas puntuacións que, comparadas coas adxudicadas na baremación oficial, resultan do xeito seguinte:

	Puntuación	Puntuación
	Reclamante	Adxudicada
Campionato Galego	15 ptos.	15 ptos.
Campionato España	30 ptos.	60 ptos.
Selección galega	30 ptos.	5 ptos.
Estancia centro tecn.	50 ptos.	0 ptos.
Particip. Xornad. tecn.	10 ptos.	10 ptos.
Traxectoria	30 ptos.	0 ptos.
Total	165 ptos.	90 ptos.

2º.- No relativo á revisión da puntuación do Campionato España, curiosamente a baremación oficial realizada pola Comisión o favorece en detrimento da que el establece.

3º.- Interesa a adxudicación de 30 puntos por participar coa selección galega. En realidade , e segundo consta no expediente, o deportista participa en concentracións puntuais coa selección galega pero non en competicións oficiais. Tampouco a modalidade de formas constitúe modalidade olímpica, polo que non se pode adxudicarlle os 30 puntos que interesa.

Non consta no expediente a estancia en Centro de Tecnificación. Convén diferenciar estancia en centros e participación en xornadas. Si que aparecen xornadas soltas de tecnificación que foron valoradas con 10 puntos.

4º.- No referente á traxectoria, non aparecen resultados nos anos 2015 e 2018 e unicamente se reflicten dúas participacións en competicións oficiais en 2016 e 2017. Imposible realizar avaliación da traxectoria con tan escasos resultados.

A nota de corte estableceuse nesta edición en 100 puntos. O deportista reclamante, ó obter soamente 90 puntos, queda excluído da repartición de axudas.



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

3

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

2º) Denegarlles a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, por non superar a puntuación mínima establecida en 100 puntos:

Saa Crespo, Noelia	Ciclismo
Rodríguez García-Valencia, Julio Fernando	Boxeo
Feijóo Gómez, Julian	Taekwondo
Caride Cid, Jacobo	Natación
Álvarez Álvarez, Héctor	Natación
Ferreiro Domínguez, María	Taekwondo
Iglesias Doval, Julio	Taekwondo
Diz Díaz, Rubén	Atletismo
Rivera Pérez, Martín	Atletismo
Guevara Platero, Iria	Halterofilia
Castaño Garrido, Pedro	Ximnasia/Trampolín
Vila Pérez, Hugo	Ximnasia/Trampolín
Pérez Crespo, Rodrigo	Tenis
Conde Abad, Martín	Taekwondo
Reverter Pérez, Jaime	Atletismo
Mateo Rego, Paula	Kickboxing
GandaraDacal, Diego	Kickboxing
Díaz Castro, Andrea	Kickboxing
Carril González, Eva	Natación
Rodríguez Rodríguez, Saúl	Ximnasia-Trampolín
Castiñeiras Alvarez, Xulio	Boxeo
Mateo Rego, Daniel	Kickboxing
Martínez Fernández, Fátima	Taekwondo
Freixedo González, Roi	Tiro Olímpico-Precisión
BaltarBaltar, Aldara	Boxeo
Salas Cid, Rocio	Ximnasia-Trampolín
Amoeiro Santana, Lara	Tenis
Rodríguez Pérez, Hugo	Ximnasia/Trampolín

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

Rivero Rodríguez, Hugo	Boxeo
Alonso Domínguez, Nerea	Boxeo
Sánchez Novellas, Aída	Kickboxing
Martínez Sousa, Dafne	Montañismo-Escalada
Caiñagarcía, Mirian	Montañismo-Escalada
Sousa Rodríguez, Lucía	Montañismo-Escalada
Rodríguez Vázquez, Hector	Atletismo
Bardelás Rivera, Alex	Pesca
Díaz Estévez, Izan	Tenis
Bravo González, Raquel	Loita Olímpica
Bravo González, Rita	Loita Olímpica
Rodríguez Nogueira, Marcos	Ciclismo
Feijóo Iglesias, José Antonio	Motociclismo-Motocross
Santiso Prada, Ana María	Triatlón

3º) Concederlles, conforme á valoración efectuada e unha vez resoltas as alegacións presentadas, as subvencións polos importes e puntuacións que se indican, ós seguintes solicitantes:

APELIDOS E NOME DO DEPORTISTA	FEDERACIÓN	IMPORTE
GRUPO PRIMEIRO		
Rodríguez León, Jesús	Piragüismo	1.485 €
Pérez Morales, Daniel	Ximnasia/Trampolín	1.485 €
FeijóoAlberte, Iván	Ciclismo	1.485 €
Cid Masid, Alejandro	Ximnasia/Trampolín	1.485 €
Ferreira Colmenero, José Manuel	Wushu	1.485 €
Iglesias de la Torre, Felipe	Judo-JiuJitsu	1.485 €
Gago Troitiño, Ezequiel	Wushu	1.485 €
Rodríguez Guede, Pablo	Ciclismo	1.485 €

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

GRUPO SEGUNDO		
Requejo Santos, José Antonio	Atletismo	850 €
Domuro Arias, Lucas	Ximnasia/Trampolín	850 €
Montero López, Alejandro	Atletismo	850 €
Salgado López, Iván	Xadrez	850 €
González Nóvoa, María	Taekwondo	850 €
GRUPO TERCEIRO		
NovelleMan, Carlos Eduardo	Ximnasia	610 €
Fernández Justo, Paula	Tiro Olímpico-Precisión	610 €
Ruiz Paz, Sergio	Piragüismo	610 €
Puente-Dodd Álvarez, Noa	Ximnasia-Trampolín	610 €
Gil Pérez, Leticia	Atletismo	610 €
GRUPO CUARTO		
Salas Cid, María	Ximnasia-Trampolín	360 €
Álvarez Fernández, Christian	Judo-JiuJitsu	360 €
Revuelta Patra, Carlos	Atletismo	360 €
Fernández Dacal, Cecilia	Golf	360 €
Ares Prada, Alejo	Atletismo	360 €
Canal Blanco, Carlos	Ciclismo	360 €
Míguez Escudero, Manuel	Boxeo	360 €
González García, David	Natación	360 €
Rodríguez Cancio, Marta	Ximnasia-Trampolín	360 €
Ramírez Alzate, Iván Darío	Halterofilia	360 €
Cid Rancaño, Nicolás	Ximnasia/Trampolín	360 €
Kenneth Ramsdale, Lee	Tiro con Arco	360 €
Silva Cid, Tamara	Judo-JiuJitsu	360 €
Gago Troitiño, Agar	Wushu	360 €
Fernández Rodríguez, José Manuel	Tiro con Arco	360 €
Batán Álvarez, Rubén	Kickboxing	360 €
Fernández López, Luz María	Natación	360 €
García Rodríguez, Ainoha	Taekwondo	360 €
Fernández Morais, Ana	Judo-JiuJitsu	360 €
Valentin Cima, Inés	Atletismo	360 €
Valencia García, Emma	Atletismo	360 €



(Sinado do Presidente)

Folha N.º

6

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

Ansia López, Brais	Wushu	360 €
Suarez Rodríguez, Pablo	Wushu	360 €
Feijóo Gómez, Eva	Natación	360 €
Taboada Vila, Alberto	Natación	360 €
Rodríguez Pérez, Mateo	Ximnasia/Trampolín	360 €
Davite Aguiar, David	Tiro Olímpico	360 €
García Arias, Belén	Atletismo	360 €
Díaz López, Eyén	Halterofilia	360 €
García Otero, Marcos	Natación	360 €

4º.- Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2019.

- Unha vez vistas as bases da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2019, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto da subvención

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a organizacións, asociacións e/ou fundacións que realicen proxectos de carácter social na provincia de Ourense para o ano 2019.

Segunda.- Beneficiarios

Poderán obter subvención como beneficiarios/as ás organizacións, asociacións e/ou fundacións legalmente constituídas, para aqueles proxectos/actuacións que se desenvolvan integramente nesta provincia e se dirixan a persoas con residencia na provincia de Ourense.

Para os proxectos que obteñan subvención pola Liña A) esixirase que teñan unha sede, delegación ou domicilio na provincia de Ourense. O/s proxecto/s que obteñan subvención pola Liña B), esixirase que teñan o seu domicilio social ou centro de actividades autorizado na provincia de Ourense e, para o/os proxecto/s que obteñan subvención pola

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

Liña C) esixírase que teñan o seu domicilio social nalgún concello da provincia de Ourense. Para isto teranse en conta, unicamente, os datos de domicilio ou "centro de actividade" que conste dado de alta no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

No caso de que os proxectos e/ou actividades sexan presentadas conxuntamente por dúas ou máis entidades, toda elas deberán cumprir cos requisitos esixidos no parágrafo anterior, isto é, que cumpran os requisitos de domicilio descritos e estean inscritas nos rexistros correspondente con data anterior á finalización do prazo de presentación de proxectos.

Todas as solicitudes responderán a algunha das seguintes liñas/modalidades de subvención:

- A) Proxectos e actividades de emerxencia social.
- B) Proxectos e actividades de prestacións de servizos sociais na provincia de Ourense
- C) Proxectos de reto demográfico.

Para poder optar a estas liñas de subvencións terán que cumprir os seguintes requisitos:

LIÑA A) Actividades de emerxencia social.

- Que a actividade se dirixa a colectivos e/ou persoas afectadas por unha situación de emerxencia económica de carácter estrutural ou conxuntural que precise de ser atendida con carácter de urxencia, primando especialmente aqueles proxectos cuxas actuacións se centran na atención económica directa, ou en especie, das necesidades básicas das persoas (vestido, alimentación, vivenda, subministracións básicas etcétera).
- Que a actividade para a que solicita subvención estea prevista dentro dos obxectivos da entidade e recollidos nos seus estatutos fundacionais.

LIÑA B) Proxectos de prestacións de servizos sociais na provincia de Ourense.

- Que o proxecto se dirixa aos/as beneficiarios/as últimos/as de calquera dos colectivos das distintas áreas de actuación propias de servizos sociais, primando aqueles colectivos de persoas, que por razóns obxectivas de índole económica, de saúde ou pola concorrencia de circunstancias sociais, étnicas ou culturais, sufran especiais dificultades respecto da xeneralidade da poboación e precisen dun tratamento



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

específico para o acceso ao goce pleno dos dereitos de contido social, económico, ou laboral recoñecidos no ordenamento xurídico.

- Que sexan prestados dun xeito altruísta e desinteresado, sen fins de lucro.
- Que a actividade para a que solicita subvención estea prevista dentro dos obxectivos da entidade e recollidos nos seus estatutos fundacionais.
- No caso de centros ou servizos sociais especializados, será requisito imprescindible dispor da correspondente autorización da Xunta para a súa creación, se é o caso.

LIÑA C) Proxectos de reto demográfico

- Que os proxectos teñan como obxectivo o desenvolver iniciativas de carácter social que teñan incidencia directa na recuperación, ou fixación da poboación nos seus lugares habituais de residencia, primando especialmente aqueles que teñan obxectivos concretos de conciliación familiar e laboral con nenos e nenas e/ou con maiores con necesidade de atención.
- Que sexan presentadas por beneficiarios/as con domicilio social e/ou centro de actividades nalgún concello da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes cualificados como "con prioridade demográfica" segundo os criterios recollidos no anexo I destas bases.
- Que non teñan finalidade lucrativa.

En todo caso, todos/as os/as presentadores/as de solicitudes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Que as devanditas entidades de iniciativa social estean inscritas con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.
- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiarias esixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No suposto de ter recibido con anterioridade subvención desta Deputación, non deben existir incumprimentos das obrigas derivadas da súa concesión.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias

As subvencións obxecto desta convocatoria intégranse na liña de acción de concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais, contemplada

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

no apartado D.5 do Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2015-2019.

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 23111 48000 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2019 por importe de 300.000 € (trescentos mil euros).

Cuarta.- Contía

As subvencións concedidas terán os seguintes máximos:

Actividades de emerxencia social.....	25.000,00 €
Proxectos de prestacións de servizos sociais na provincia de Ourense.....	15.000,00 €
Proxectos de reto demográfico.....	10.000,00 €

Estes importes máximos serán incrementados nun 20% no caso de que o proxecto subvencionado sexa presentado conxuntamente por dúas ou máis entidades.

Ningunha entidade poderá solicitar subvención para máis de tres proxectos no conxunto das diferentes liñas de subvención desta convocatoria, nin obter maior subvención para todos eles que o límite económico máximo previsto. No caso de que se obtivese subvención para proxectos pertencentes a distintas modalidades, o límite económico máximo que se aplicará será o previsto para a modalidade que teña a limitación económica máis alta. Para o cómputo dos proxectos que presenta cada entidade non se terán en conta aqueles nos que conorra con outra/s entidades.

Ningunha entidade poderá presentar máis de dous proxectos de forma conxunta con outra/s entidade/s.

A determinación da contía de cada subvención será establecida pola Xunta de Goberno tras a proposta previa da comisión de valoración, de acordo cos criterios establecidos na base novena.

Como regra xeral, o importe máximo da subvención para cada proxecto non poderá exceder do 80% do seu orzamento.

O importe da subvención poderá ser o 100% do custe do proxecto nos seguintes supostos:

- Cando sexa/n presentados por dúas ou máis entidades.
- Cando o proxecto presentado ascenda a un importe máximo de 6.000,00 € (seis mil euros).

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019**Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación**

1. As solicitudes deberanse presentar telematicamente, a través do enderezo <http://programaentidades.depourense.es> rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

2. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se estableza. Todo o proceso deberá tramitarse a través da plataforma informática.

3. No caso de proxectos presentados por dúas ou máis entidades, presentarán un único formulario onde unha das entidades será a "entidade representantes" que asumirá de forma directa as obrigas derivadas da obtención da condición de entidade subvencionada para os efectos desta convocatoria, e neste farase constar á porcentaxe na que participa cada unha das entidades que concorren conxuntamente.

4. O prazo improrrogable de presentación será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte da publicación do extracto destas bases. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento, non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

5. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación, en formato electrónico:

- Formulario de solicitude dirixido á Presidencia da Deputación, que só se poderá obter a través da plataforma <http://programasentidades.depourense.es>.

Neste formulario contéñense os datos da entidade, do seu representante, unha declaración do poder co que este actúa, ademais da declaración do conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

Este formulario ademais contén a Memoria explicativa do proxecto obxecto de solicitude da subvención que deberá ser cuberto pola entidade solicitante e que será obxecto de valoración comparativa.

No caso dos proxectos presentados por dúas ou máis entidades, o formulario recollerá datos de todas as participantes, unha delas con condición de "entidade representante" e o resto reflectirán no formulario a porcentaxe na que participa no desenvolvemento do proxecto.

- DNI do/a representante da entidade, sempre que non se autorice á Deputación á consultalo automaticamente.
- CIF da entidade solicitantes, sempre que non se autorice á Deputación á consultado automaticamente.
- Copia da folla dos estatutos sociais da entidade onde conste o seu obxecto social.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a segundo o formulario que se obterá na plataforma informática de tramitación: <http://programaentidades.depourense.es>

Se tales documentos foron achegados polo/a interesado/a ante calquera administración, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

En caso contrario, terán que ser rexistradas polo propio solicitante a través dos medios electrónicos validamente recoñecidos no artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do/a interesado/a do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: DPO@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.natalidade.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados,

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, formen parte do desenvolvemento dos proxectos obxecto desta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Que foran ocasionados con motivo da realización do proxecto aprobado e garden estreita relación co seu contido.
- Que exista constancia documental da súa realización. No caso de presentar facturas simplificadas para esta acreditación, deberán conter, obrigatoriamente, o CIF/NIF do destinatario, que deberá ser coincidente co/coa beneficiario/a da subvención.
- Que se realicen dentro do prazo de execución do proxecto. Considerarase realizado dentro do prazo de execución do proxecto o que se realice dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

- Que exista coherencia entre a porcentaxe de imputación e o proxecto subvencionado.
- Que exista proporcionalidade, no caso de proxectos presentados por dúas ou máis entidades, entre a porcentaxe de participación da entidade no desenvolvemento do proxecto e os gastos que esa entidade xustifica dentro da xustificación global do proxecto.

Quedan expresamente excluídos dos gastos subvencionables: tickets, gastos de recarga de combustible, gastos de aparcadoiros e peaxes de autoestradas, sen prexuízo de que tales gastos si se consideren subvencionables cando se incorporan como indemnizacións por razón de servizo e se xustifican legalmente como tales.

En todo caso, aplicarase unha limitación en relación coa imputación de gastos correntes. Así, a suma total dos gastos correntes só será subvencionable nunha contía que non supere o 40% do total da subvención aprobada. Entenderanse gastos correntes os referidos ao aluguer de local, subministracións de enerxía eléctrica, comunicacións telefónicas, correo, material consumible de oficina etcétera. Para dar conta destes gastos na documentación acreditativa ten que constar o/a beneficiario/a da subvención, e dirixida ao domicilio social da entidade subvencionada. Non se admitirán gastos dirixidos a unha sede social diferentes á propia do/s domicilio/s social ou aquela documentación onde nos conste o CIF do/s beneficiario/s.

Oitava.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Área de Benestar procederá á instrución do expediente de comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para emendar deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable. O requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e na páxina web <http://programasentidades.depourense.es>

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

Para a achega desta documentación utilízase como oficio de remisión o formulario establecido que só se poderá obter e cubrir necesariamente a través da aplicación informática <http://programasentidades.depourense.es>. O procedemento para a presentación deste formulario será o descrito na base quinta para a presentación do formulario de inicio da solicitude.

Transcorrido dito prazo, se é o caso, o expediente pasará á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución provisional conforme coas regras seguintes:

- Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación, así como as entidades que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante a páxina web <http://programasentidades.depourense.es>

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto nestas bases.

Sen prexuízo das competencias atribuídas aos órganos de goberno da Deputación, a xestión e impulso político desta subvención correspóndelle á deputada delegada de Igualdade e Ciclo de Vida.

Novena.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
 - o O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

- A interventora xeral da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O director da Area de Benestar e un/unha técnico/a por designación da Presidencia, que actuará como secretario/a da comisión coas funcións propias dun/dunha secretario/a de actas.

Décima.- Criterios de valoración para outorgamento das subvencións

1. Para o outorgamento das subvencións, a Comisión de Valoración procederá á valoración en atención a criterios específicos para cada unha das modalidades previstas – fase de valoración primaria, e valoración baseándose en criterios xenéricos aplicables a todos os proxectos – valoración secundaria.

1.1. Valoración primaria. Criterios específicos por modalidades (liñas). Ata 70 puntos, que se distribuirán do modo seguinte:

Liña A

- Proxectos presentados por dúas ou máis entidades: **5 puntos.**
- Poboación destinataria da actividade. O proxecto indicará as características e o ámbito territorial ao que se dirixe o proxecto. **20 puntos**
- Calidade, eficacia e eficiencia do/s proxecto/s presentado/s. **Puntuación máxima 45 puntos.** Para valorar este criterio terase en conta: Xustificación da necesidade. Ata 15 puntos, Descrición da organización e xestión da iniciativa presentada. Ata 15 puntos e o sistema de medición de impacto do proxecto (métodos utilizados, documentación elaborada etcétera). Ata 15 puntos.

Liña B

- Proxectos presentados por dúas ou máis entidades: **5 puntos.**
- Proxectos presentados por entidades con domicilio social nalgún concello da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes: **10 puntos.**
- Valoración da memoria do proxecto presentado. Valorarase cunha puntuación máxima de vinte e cinco **(25) puntos.** Neste punto terase en conta: Xustificación da necesidade que se contempla como obxectivo de proxecto. (Descrición da necesidade no medio de desenvolvemento, existencia doutras iniciativas con fins iguais ou similares en contornos de referencia etcétera). Ata 15 puntos e tipoloxía de necesidades ás que se dirixe o proxecto (necesidades básicas/preventivas de saúde, sociais, e/o de inserción). Ata 10 puntos.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

- A calidade, eficacia e eficiencia do proxecto ou proxectos presentados. Valorarase cunha puntuación máxima de **trinta (30) puntos**: Aspectos organizativos e de xestión do proxecto. Ata 10 puntos. Concreción de obxectivos para alcanzar co desenvolvemento do proxecto. Ata 10 puntos. Sistema de medición dos resultados para acadar. Ata 10 puntos.

Liña C

- Proxectos presentados por dúas ou máis entidades: **5 puntos**.
- Proxectos que se desenvolverán en concellos cualificados como: "con prioridade demográfica" –segundo os criterios recollidos para obter a dita cualificación no anexo I destas bases-, prioridade demográfica grao 1: 5 puntos, prioridade demográfica grao 2: 10 puntos, prioridade demográfica grao 3: 15 puntos

Recóllese, no anexo II destas bases, a cualificación, con grao, da prioridade demográfica dos concellos da provincia de Ourense con menos de 20.000 habitantes.

- Proxectos que favorezan a conciliación familiar e laboral durante os períodos de descanso escolar para os menores nesta idade (de 3 ata 12 anos). **Ata 10 puntos**.
- Memoria do proxecto: **Ata 40 puntos**: Metodoloxía de organización e xestión do proxecto e sustentabilidade do proxecto no tempo. Ata 10 puntos, tipoloxía de actividades que se desenvolven dentro do proxecto. Ata 10 puntos, número de beneficiarios directos e indirectos do proxecto: Ata 10 puntos, duración do proxecto presentado e/ou mantemento dos mesmos beneficiarios durante o desenvolvemento do proxecto. Ata 10 puntos.

Para ser seleccionadas como entidades beneficiarias e optar á subvención, cada proxecto presentado pola entidade solicitante deberá acadar unha puntuación mínima de **40 puntos** nesta fase de valoración.

1.2 Fase de valoración secundaria: a esta fase só accederán aqueles proxectos que tiveran, como mínimo, os 40 puntos. Nesta fase aplicaranse os chamados:

Criterios xenéricos, que son aplicados a todos os proxectos presentados, con independencia da modalidade (liña), á que concorran. **Ata 30 puntos**, que se distribuirán do seguinte modo: Esfuerzo da entidade promotora/socios/asociados para o desenvolvemento e sustentabilidade do proxecto: Ata 10 puntos, complementariedade dos proxectos cos servizos públicos da entidade territorial de implantación. Ata 5 puntos, colectivo/necesidades obxectivo do proxecto, ata 15 puntos.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

A puntuación total da entidade beneficiaria resultará de sumar os puntos acadados segundo os criterios establecidos nos dous apartados anteriores.

A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes información ou documentación adicional que teña unha relevancia fundamental e unha relación directa para unha mellor avaliación da solicitude.

Así mesmo, poderá excluír da valoración a aquelas entidades que, de conformidade coa documentación presentada, sexan motivadamente cualificadas como tecnicamente insolventes ou soliciten axudas para a realización de proxectos de actividades inviables, economicamente xustificables ou alleas á finalidade propia das entidades en atención aos seus estatutos.

Undécima.- Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso lle solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

As entidades que resulten beneficiarias da subvención deberán manifestar a súa aceptación a través da aplicación informática facendo uso do formulario: "Aceptación da subvención" que se deberá obter, cubrir, validar e transmitir dende a dita plataforma no prazo de 10 días dende o seguinte ao da publicación no BOP da resolución.

O procedemento para a presentación deste formulario será o descrito na base quinta para a presentación do formulario de inicio da solicitude.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterà unha relación ordenada destas solicitudes. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Duodécima.- Publicidade da concesión

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de procedemento administrativo, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individual aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, con expresión dos beneficiarios e da contía das subvencións concedidas, nos termos esixidos pola lexislación aplicable en materia de subvencións e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no que sexa aplicable.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento do seu proxecto para o que se lles fará chegar unhas instrucións que deberán ter en conta no momento de realizar esta publicidade/información/divulgación.

No caso de que se incumpran estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo cuarta.- Xustificación da subvención

A Deputación concederá como máximo o 80% ou o 100% do importe xustificado para cada proxecto subvencionado, e sempre co límite económico máximo do importe recoñecido na resolución.

O prazo de xustificación da execución do proxecto será dende o 15 de novembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2019. Deberá xustificarse presentando os formularios

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

normalizados que obterá na plataforma <http://programasentidades.depourense.es>. Os formularios conteñen:

- Memoria da execución do proxecto subvencionado cumprimentado no formulario facilitado pola Área de Benestar e que será obtido a través da páxina web.
- Relación de documentos xustificativos dos gastos realizados.
- Certificación esixida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.
- Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- Relación e xustificación das medidas de difusión da subvención concedida. Neste caso, deberán engadir probas gráficas/sonoras/visuais da publicidade realizada e conforme coas instrucións facilitadas pola Deputación ao respecto.
- Certificación da conta bancaria asinada polo banco ou caixa correspondente.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta documentación presentarse no rexistro da Deputación xunto con:

- Acreditación das medidas de difusión adoptadas.
- Documentos xustificativos do gasto e/ou facturas, emitidos a nome da entidade perceptora da subvención.

A documentación xustificativa deberá achegarse completa para cada un dos proxectos presentados. En todo caso, teranse en conta as seguintes regras especiais:

1ª.- Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a execución total ou parcial do proxecto obxecto da subvención, sen limitación en canto á contía subcontratada, pero, en todo caso, con suxeición ás seguintes regras:

- A realización do proxecto non poderá concertarse con persoas ou entidades incursas nos supostos a que se refire o artigo 27.7 da Lei 9/2007.
- Cando o importe do gasto subvencionable correspondente supere a contía de 18.000,00 €, excluído o IVE (artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións), no caso de

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

prestación de servizos por empresas, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso, para a prestación do servizo ou entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou agás que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude de subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse coa xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

- No caso de adquisición de bens inventariables, o beneficiario deberá destinar os ditos bens para o fin concreto para o que se concedeu a subvención por un prazo mínimo de cinco anos.
- Para estes efectos, coa xustificación achegarase a documentación acreditativa do cumprimento do requisito de petición de tres ofertas, ou xustificación da súa non petición conforme co sinalado nos parágrafos anteriores, así como memoria xustificativa da elección da oferta.

2ª.- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2019, obxecto desta convocatoria.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos, para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Presidencia declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019**Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios**

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei 38/2003 e a Lei 9/2007. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas e subvencións públicas ou privadas, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere o 100% do custo total do proxecto, a excepción das subvencións nominativas e/ou directas concedidas pola Deputación de Ourense para o mesmo ou similar proxecto, que serán incompatibles.

Décimo sétima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións

En caso de incumprimento por algunha das causas previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. Non se realizará expediente de perda de dereito naqueles casos nos que esta veña causada porque a entidade non xustifique a totalidade da subvención concedida por falta de gasto e/ou medios probatorios deste. Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo oitava.- Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases, seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa aplicable á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

2º) Ordenar que se proceda á convocatoria das subvencións mediante a publicación destas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

ANEXO I**Clasificación dos concellos para determinar a "prioridade demográfica" e os graos****1. Criterios para determinar a "prioridade demográfica"**

Os criterios que se teñen en conta para determinar a "prioridade demográfica" dos concellos da provincia para os efectos do programa benOurense SAF 2019, son os seguintes:

1. Poboación. Os concellos clasificaranse en:

- a. Ata 1.000 habitantes.
- b. De 1001 a 5.000 habitantes.
- c. De 5001 a 10.000 habitantes.
- d. De 10.001 a 20.000 habitantes

Para determinar a poboación para os efectos deste programa terase en conta a cifra oficial de poboación do INE do último ano dispoñible.

2. Situación xeográfica

- a. Concellos pertencentes a "áreas urbanas" do Atlas Estatístico das Áreas Urbanas do Ministerio de Fomento.
- b. Concellos que non pertencen a unha "área urbana" do Atlas Estatístico das Áreas Urbanas do Ministerio de Fomento.

3. Perda da poboación

- a. Concellos que gañaron poboación na última década.
- b. Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na última década
- c. Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na última década.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

- d. Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación na última década.
- e. Concellos que perderon un 20% ou máis de poboación na última década.

Os datos serán sempre tomados dos últimos dispoñibles e publicados polo INE.

4. Densidade demográfica municipal

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados. Para o dato de poboación teranse en conta os últimos datos publicados polo INE. En atención a este criterio, a clasificación será:

- a. Concellos con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- b. Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- c. Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km².
- d. Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km².

5. Índice de envellecemento

Para o cálculo deste índice terase en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo as últimas cifras de poboación publicadas polo INE–, e as persoas menores de 15 anos e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice. Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- a. Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- b. Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- c. Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6. Taxa de natalidade

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos dos últimos tres anos (datos INE), e a poboación en igual período (datos INE), en atención ao que os concellos se clasificarán en:

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

- a. Taxa inferior a 2.
- b. Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- c. Taxa igual ou superior a 3.

2.- Aplicación dos criterios para a clasificación dos concellos en graos**1. Concellos sen prioridade demográfica: grao 0.**

Serán considerados "concellos sen prioridade demográfica" ou en grao 0, aqueles incluídos nunha "área urbana", en aplicación ao Atlas Estatístico das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran algunha das seguintes condicións:

- a. Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- b. Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Concellos con prioridade demográfica. Grao 1.

Serán considerados "con prioridade demográfica" os concellos que non están incluídos nunha "área urbana" e que cumpran, ademais, algunha das seguintes condicións:

- A. Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- B. Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de "prioridade demográfica", automaticamente considérase en grao 1. Para ser clasificado de grao 2 ou de grao 3, terán, ademais de ser considerados "con prioridade demográfica", ou grao 1, cumprir as condicións do grao 2, ou do grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en máis dun grao, considerarase sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

Grao 2.

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpren algunha das seguintes realidades:

- a. Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.

Série A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

- b. Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- c. Concellos de menos de 1000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- d. Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- e. Concellos de máis de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis do 15% da súa poboación.
- f. Concellos de máis de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- g. Concellos de máis de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- h. Concellos de máis de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

Grao 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpren algunha das circunstancias seguintes:

- a. Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na última década maior ao 20%.
- b. Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- c. Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na última década maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
- a. Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ou
- b. Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II**CLASIFICACIÓN DE CONCELLOS**

	ENTIDADE LOCAL	CLASIFICACIÓN RETO DEMOGRÁFICO
1	Allariz	Sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

3	Arnoia, A	Grao 1
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 2
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	Sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	Sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 2
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 3
14	Bola, A	Grao 1
15	Bolo, O	Grao 2
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 1
19	Carballiño, O	Sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 2
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Grao 1
25	Cenlle	Grao 2
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	Sen prioridade
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 1
31	Esgos	Grao 2
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

38	Lobeira	Grao 2
39	Lobios	Grao 1
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 1
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 2
50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	Sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada do Sil	Grao 2
55	Pereiro de Aguiar, O	Sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 2
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 2
60	Pontedeva	Grao 2
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 2
63	Quintela de Leirado	Grao 2
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 1
70	San Amaro	Grao 2
71	San Cibrao das Viñas	Sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de marzo de 2019

73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 2
81	Verea	Grao 2
82	Verín	Sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 2
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Sen prioridade
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2

4.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

5.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e vinte minutos, do referenciado día quince de marzo do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,